

Pon a proba os teus sentidos: Artesanal ou Artificial?

DATOS PERSOAIS

Mónica Cheng (2º de ESO)

Mauro Fernández Traba (2º de ESO)

CPR Seminario Diocesano de Lugo – Colexio San Lorenzo

RESUMO

Este proxecto consiste no deseño de varias experiencias que pretenden poñer a proba a sensibilidade humana. Queremos saber ata que punto a xente é capaz de distinguir imaxes, sons, cancións, textos, olores etcétera que sexan de orixe natural ou realizados directamente por humanos doutros que son sintéticos ou construídos por intelixencias artificiais.

INTRODUCCIÓN

Hoxe en día é cada vez máis frecuente que as persoas confundan creacións naturais ou humanas con produtos xerados por intelixencias artificiais, debido ao gran avance destas tecnoloxías. Un dos casos máis claros prodúcese coas imaxes: existen fotografías creadas por IA que parecen completamente reais, como retratos de persoas inexistentes ou escenas inventadas, que poden levar á difusión de información falsa.

Algo semellante ocorre cos sons e coas voces, xa que as intelixencias artificiais poden imitar voces humanas con gran precisión, incluso de persoas coñecidas, o que pode provocar confusión en gravacións ou chamadas. Tamén na música existen composicións creadas por algoritmos que resultan moi similares ás realizadas por músicos humanos, facendo difícil distinguir a súa orixe.

Nos textos escritos tamén se producen confusións, porque as IAs poden redactar artigos, relatos ou mensaxes que parecen feitos por persoas. Incluso no ámbito dos olores é posible crear fragancias artificiais que imitan cheiros naturais.

Esta situación pode ter varios perigos, como a difusión de desinformación, a manipulación social ou política e a perda de confianza nas fontes de información. Por iso é importante desenvolver unha actitude crítica e estudar ata que punto somos capaces de diferenciar entre creacións humanas e artificiais.

OBXECTIVOS – PROPÓSITO

Neste proxecto configuramos unha serie de probas destinadas a retar a sensibilidade humana fronte aos produtos creados polas intelixencias artificiais. O obxectivo principal era analizar ata que punto as persoas somos capaces de distinguir entre creacións naturais ou elaboradas por seres humanos e outras xeradas artificialmente mediante tecnoloxías dixitais.

Para conseguir este propósito, en primeiro lugar elaboramos diferentes probas baseadas en varios tipos de estímulos: imaxes, sons, cancións, textos e incluso olores. En cada unha destas probas presentamos aos participantes unha combinación de elementos: algúns de orixe natural ou creados por persoas e outros xerados por intelixencias artificiais. Os participantes debían indicar cal crían que era a orixe de cada estímulo e explicar, se era posible, os criterios que empregaron para tomar a súa decisión.

Co fin de garantir resultados máis fiables, as probas realizáronse con persoas de diferentes idades e perfís, intentando que o grupo de participantes fose o máis variado posible. Ademais, os estímulos presentáronse de forma aleatoria para evitar que os participantes detectasen patróns que puideran influír nas súas respostas.

Unha vez recollidos os datos, analizámoslos para comprobar o grao de acerto en cada tipo de proba e detectar se existían ámbitos nos que resultaba máis difícil distinguir entre creación humana e creación artificial. Deste modo, o estudo permitinos reflexionar sobre o avance das intelixencias artificiais e sobre como estas tecnoloxías poden (e poderán) influír na nosa percepción da realidade e da creación artística.

HIPÓTESES

Consideramos que as IAs son capaces de deseñar documentos de texto, imaxes, vídeos e sons que confunden aos espectadores e oíntes facéndoos crer que son creacións orixinais humanas ou imaxes reais, non finxidas. Cremos que esta capacidade da tecnoloxía progresa cada vez máis e que non importa a idade para resultar enganado ou enganada.

DESCRIPCIÓN DE MATERIAIS E MÉTODOS EMPREGADOS

Deseñamos e realizamos diferentes contidos, tanto de forma natural como mediante IAs para facer test de identificación. A persoa que se somete ao test debe decidir se o que está vendo, oíndo, tocando ou cheirando ten unha orixe natural, sintética ou mediante IAs. Recollemos a información dos test en táboas de datos e logo facemos a estatística para relacionar as variables. Ao final sacamos unha conclusión segundo rangos de idade e segundo o número de acertos ou fallos que foron cometendo os usuarios.

Tamén procuramos facer unha escolma dos pequenos detalles que puideran axudar a identificar creacións finxidas mediante IAs, todo elo coa colaboración dos usuarios que tamén aportarán a súa opinión.

RESULTADOS E CONCLUSIÓN

Tal como supuxemos, as IAs están facendo cada vez un traballo máis perfecto que dificulta moito a identificación de textos, imaxes e vídeos entre orixe antrópica e orixe cibernética. En canto a texturas e olores, a diferenciación por parte das persoas entre orixes naturais e artificiais é máis exitosa.

BIBLIOGRAFÍA – WEBGRAFÍA

- IAs como ChatGPT, Grok, Glif, Canva, NanoBanana, Leonardo, PixeVerse, FlexClip, Suno, MusicMuse...
- Wikipedia (Proba de Turing, “Slop” ou contido basura xerado por IA)
- https://recyt.fecyt.es/index.php/pixel/article/view/108802?utm_source=chatgpt.com. Distinción entre textos de guión escritos por humanos e xerados por IA.
- https://www.rtve.es/rtve/20250709/interpretacion-imagenes-generadas-por-ia-creadas-por-humanos/16657111.shtml?utm_source=chatgpt.com.